



Asociación pola defensa da Ría  
Apdo.: 414  
36080 Pontevedra  
apdr@apdr.info

## **DECLARACIÓN DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA, DE PONTEVEDRA, SOLICITANDO AOS REPRESENTANTES DO MOVIMENTO ECOLOXISTA E DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS A SAÍDA DO GRUPO GALEGO DE APOIO AO FSC**

O sistema de certificación forestal do Forest Stewardship Council (FSC) sempre foi visto como o único que, polo seu carácter aberto, podería ser unha ferramenta que permitira fomentar un desenvolvemento forestal sostible. Os principios e criterios nos que se basea a auditoración das actividades forestais para a concesión do selo garanten, de cumprirse, a sustentabilidade da actividade forestal. A transparencia, a posibilidade de participación nos procesos de certificación e de reclamación, permitían o seguimento dos mesmos e mesmo parecía que o sistema atendería ás observacións das persoas e entidades interesadas neles. O cumprimento dos principios e criterios implica a conservación a longo prazo do solo como recurso básico para a produción forestal, da biodiversidade e da paisaxe que permiten a valorización do bosque como fonte de recreación, educación e soporte de actividades turísticas; ademais garántese a obtención de beneficios económicos no presente e no futuro a partir dunha explotación diversificada en servizos e produtos e a supervivencia das comunidades rurais que poden obter recursos dun monte que xera riqueza sobre a base dunha produción ordeada.

Desde que a partir do ano 1996 se aprobara o principio 10, referido a plantacións, o FSC comezou a certificar plantacións, aumentando a grande velocidade a superficie certificada, este aumento rápido débese en boa medida ao interese amosado polas grandes empresas adicadas á produción industrial a base de materia prima forestal, na súa maioría produtoras de pasta de celulosa por conseguir un selo que lles permitiría lavar a cara despois dos recelos e mesmo da frontal oposición coa que estas empresas se atopan debido á forte degradación ambiental económica e social que, con frecuencia acompaña a súa actividade; tamén lles resultou útil de cara a obter autorizacións e subvencións e a mellorar a posición no mercado das que o conseguiran. A desmedida avidez destas empresas nun período para elas dourado de crecemento do consumo, ten tirado a consecuencia de certificacións pouco rigorosas e mesmo escandalosas concedidas a empresas cunha actividade que é moitas veces claramente negativa para o solo e a biodiversidade, o medio ambiente e as

comunidades rurais ou indíxenas; teñense certificado sistemas de xestión que implican o espolio dos recursos naturais dirixido a obter de forma rápida grandes beneficios.

As reclamacións que se teñen producido en todo o mundo, teñen levado ao FSC a un proceso de revisión do principio 10 e do proceso de certificación que polo de agora non ten amosado moitos avances; mentres, organizacións indíxenas, ecoloxistas e de defensa dos bosques de todo o mundo, entre elas a FEG, Luita Verde e a APDR, teñen solicitado unha moratoria na certificación de plantacións en tanto non se revise o sistema, moratoria que FSC, atrapada nos seus compromisos coas empresas forestadoras, ten denegado.

Despois da presentada en 2004 por Greenpeace, a APDR, iniciou en xuño de 2005 un proceso de reclamación, solicitando a súa cancelación, á certificación da xestión forestal concedida polo FSC á empresa forestal NORFOR, filial da pasteira ENCE. Despois de reunirse con membros da empresa certificadora e da empresa certificada e de contactos coa representante do FSC, a Asociación enviou, de acordo co establecido nos protocolos de reclamación, á empresa certificadora SGS, un informe destacando os incumprimentos de estándares FSC apreciados no sistema de xestión de NORFOR; en novembro de 2005 enviouse un informe complementario produto do seguimento da actividade da empresa e de visitas ás súas parcelas. A empresa certificadora, lonxe de atender aos argumentos que se expresaban nas análises realizadas, rexeitounos negando a posibilidade de consideralos e telos en conta de cara a atender as demandas da APDR, nin de cara a pedir a NORFOR modificacións no seu modelo de xestión forestal que, tal e como se pode ver nos informes da asociación, é claramente insostible e, especificamente, incumpre boa parte dos principios e criterios do FSC. A resposta de SGS á asociación constitúe unha auténtica burla á reclamación presentada e á xestión forestal sostible e un portazo á calquera tipo de comunicación desde sectores interesados na xestión forestal que cuestione unha certificación xa concedida. Parece ademais claro que o cinismo e a tranquilidade de SGS radica na seguridade de que nengunha reclamación prosperará nunca porque o sistema está blindado fronte delas.

Ven a resultar que se está a apoiar unha certificación que en Galicia so se ten concedido a un sistema de xestión forestal, a que en 2004 se lle concedeu a NORFOR, a filial forestal de ENCE para Galicia, Asturias e Cantabria; NORFOR, dende marzo de 2005, ten ampliada a súa certificación para a madeira comprada a propietarios particulares de fincas non certificadas, é dicir, todo o que NORFOR compra queda certificado; doutra banda, ENCE ten a certificación da cadea de custodia, co que neste momento, a empresa que probablemente máis dano ambiental ten provocado en Galicia pode comercializar pasta de celulosa ecolóxica avalada por un selo, o do FSC, apoiado polo movemento ecoloxista e polas comunidades de montes, os primeiros prexudicados polo derrube do prezo da madeira e polo monopolio do mercado de eucalipto que exerce ENCE.

¿Pódese, dende unha perspectiva ética, estar a apoiar un selo que na práctica favorece a persistencia e implantación de monocultivos xestionados de modo absolutamente insostible en todo o mundo? ¿Pódese apoiar un sistema de certificación que de acordo coas denuncias de organizacións ecoloxistas, de defensa dos pobos indíxenas, de defensa dos dereitos civís, ten certificado modelos de xestión forestal que implican risco de extinción de especies, ocupación de territorios indíxenas e graves danos ambientais? ¿Pódese estar ao mesmo tempo defendendo os dereitos cidadáns e o medio ambiente e apoiando un sistema que otorga unha visa “verde” ás empresas que están a destruír sistemas naturais e civilizacións?. ¿Pódese subscribir e defender unha certificación na que as reclamacións razoadas son groseiramente desatendidas polas empresas certificadoras coa tranquilidade de que ningunha reclamación prosperará nunca como por suposto nunca prosperará a reclamación á certificación de NORFOR?

Sen dúbida os sistemas de certificación teñen un grande valor como ferramentas para conseguir a extensión de modelos de produción sostibles; sen dúbida que a certificación baixo estándares de FSC era o sistema que máis se aproximaba á certificación modélica polo seu carácter aberto, por iso o movemento ecoloxista e as comunidades de montes non solo o teñen apoiado senón que mesmo teñen participado e participan de feito no grupo de apoio galego ao FSC. Pero hoxe, diante dunha situación caracterizada por unha proliferación da certificación indiscriminada de monocultivos forestais, parece claro que FSC ten tomado un camiño que a fará inservible de seguir así como sistema favorecedor da sustentabilidade forestal; xa que logo pensamos que o movemento ecoloxista e as comunidades de montes en man común deben deixar claro que ten sentido apoiar ao FSC mentres sexa un instrumento capaz de favorecer a xestión forestal sostible para o cal faise necesario modificar o sistema de certificación para evitar as situacións que se están dando na actualidade; en tanto, debese producir unha moratoria na certificación de plantacións tal e como teñen solicitado os movementos ecoloxistas e de defensa dos dereitos civís. Dado que o FSC non ten aceptado esta solicitude e seguirá a certificar e manter certificacións a plantacións que incumpren a idea e a letra dos principios e criterios, queremos pedir aos representantes do movemento ecoloxista e das comunidades de montes veciñais en man común que abandonen o grupo de apoio galego ao FSC mentres non se revise o principio 10 e os procesos de certificación de plantacións e, en base a esta revisión, se analicen as certificacións que se teñen concedido e que teñen sido obxecto de reclamacións determinándose a adecuación das mesmas.

Pontevedra, 30 de xaneiro de 2006  
Asociación pola defensa da Ría